

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Corrección de errores:

No anuncio publicado no Boletín Oficialde Provincia de Lugo núm. 135 de data 14 de xuño de2014, sobre aprobación definitiva do orzamento do exercicio20t4 do Concello de Negueira de Muñiz, advertironse os seguintes errores:

Onde di : Gastos de persoal 322.L45,29 debe decir: 322.2L9,63

Onde di: G.en bens correntes e serv. 125,803,10 debe decir: 125.803,08

Onde di: Investimentos reais: 127.2tL,50 debe decir L72.271,47

Negueira de Muñiz, 16 de xuño de 2014.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda

R. 2472

SOBER

Anuncio

ANUNCIO BOP APROBACION DEFINITVA ODENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SOBER

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, da modificación Ordenanza Freguladora do Servizo d eauxuda no fogar no Concello de Sober queda automáticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Sober de data 28 de abril de 2014 sobre a aprobación inicial da modificación da devandita ordenanza, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento dos artigo 65.2 e 70. 2 da Lei de Bases de Réxime Local,

"MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SOBER"

Exposición de motivos.

A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local (BOE Nº80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k) que os concellos ejercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este derecho, posibilitando así que as libertades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde se define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlle un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal de Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fixose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contados, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxien de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao derecho das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adapatar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Sober, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I : DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo de axuda no fogar no concello de Sober, como prestación básica de actuación dos servizos sociais comunitarios básicos, inserta nun sistema integrado de servizos sociais, con planificación, coordinación e control público.

O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencions, desde unha perspectiva integral e normalizadora, a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacions en que tenan limitada a sua autonomía ou noutras situacions de risco social para as cales resulte un recurso idoneo.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación:

O establecido neste regulamento e de aplicación ao programa de axuda no fogar que se desenvolve no municipio de Sober.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo:

1).- O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencions a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

Podera prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supona un recurso idoneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Tamen, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar, podera dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacions de familias en risco de exclusión social.

2).- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencions as persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquellas situacions en que tenan limitada a sua autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

3).- O obxectivo xeral do SAF é promover unha mellor calidade de vida das persoas, potenciando a sua autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio contorno familiar e socio-comunitario.

Obxectivos específicos:

- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio, optimizando as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares.
- Manter, mellorar recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacions de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización, sempre que as circunstancias o fagan posible.
- Promover cambios favorables na dinámica familiar. Apoiar e complementar a familia en situacions de sobrecarga, derivadas da atención a persoas dependentes ou de crise familiar.
- Facilitar aos cuidadores familiares a disponibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que tenan que realizar fora do domicilio.
- Prestar atención, apoio e intervencións de carácter socio-educativo a unidades familiares con menores a cargo.

- en situacions de risco ou con atencions deficitarias, ou ben noutras situacions obxecto de intervencion social.
- Promocionar outras formas de apoio socio-comunitario e voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo de axuda no fogar

De conformidade coa valoracion tecnica realizada polos servizos sociais comunitarios poderan prestarse os seguinte tipos de atencions:

a) Atencions de caracter persoal na realizacion das actividades basicas da vida diaria no propio domicilio:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoyo no coidado e hixiene persoal, asi como para vestirse.
- Control do rexime alimentario e axuda, se e o caso, para alimentarse.
- Supervision e control, cando proceda, da administracion de medicamentos prescritos polos facultativos.
- Apoyo para cambios posturais, mobilizacions e orientacions espacio-temporais.
- Apoyo a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencion das necesidades de caracter domestico e da vivenda, que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da sua familia, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos, e outros productos de uso comun.
- Preparacion de alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Cuidados basicos da vivenda.
- Apoyo á unidade familiar.
- Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do/a usuario/a, referenciada no proxecto individual de intervencion.

Se e o caso, determinadas tarefas domesticas, como lavanderia e alimentacion a domicilio, poderan ser facilitadas por servizos especificos.

c) Acompañamiento persoal na realizacion doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como:

- Apoyo en tramites necesarios ou urxentes de caracter administrativo, xudicial ou similares.
- Acompanamiento para acudir a consultas, tratamentos ou a outras actuacions do sistema publico sanitario.

d) Atencions de caracter psicosocial e educativo:

Intervencions tecnicko-profesionais formativas e de apoio o desenvolvemento das capacidades persoais basicas, como a afectividade, a mellora da convivencia, integracion na comunidade, asi como a mellora da estructuración familiar.

e) Atencions de caracter complementario:

O Servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel basico de atencion, podera incorporar os seguintes tipos de actuacion de caracter complementario:

- Actividades de acompañamiento, socializacion e desenvolvemento de habitos saudables.
- Servizo de prestamo de axudas tecnicas para persoas en situacion de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera producto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnologia ou software, fabricado especialmente ou disponible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacions na actividade e restriccions na participación social das persoas.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimiento, teleasistencia e similares
- Adaptacions funcionais no fogar.
- Servizo de podoloxia.
- Servizo de fisioterapia.

Poderan integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencions e actividades que se desenvolvan fora do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescripcion técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomia e a calidade de vida.

En todo caso o conxunto de atencions do programa de axuda no fogar tera un caracter de apoio e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato, de maneira que se facilite ou promova a sua autonomia.

En ningun caso poderan formar parte das actuacions desenvolvidas polo servizo:

- Actuacions que, polo seu caracter sanitario, deban ser realizadas por persoal facultativo, tales como poner inxeccions, tomar a tension, colocar ou quitar sonda, suministrar unha medicacion que implique certo grao de conocemento ou especializacion por parte de quen a administre.
- A realizacion de actividades domesticas que non fosen incluidas no proxecto de intervencion e no acordo de servizo.

Artigo 5º.- Pessoas destinatarias:

1).- O servizo de axuda no fogar estara aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoracion tecnica correspondente, supona un recurso idoneo de atencion. De xeito particular, o servizo atendera persoas maiores con deficits de autonomia e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, asi como fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervencion de caracter socio-educativo. Tamen podera dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacions de familias en risco de exclusion social.

2).- En todo caso, darase prioridadade ao servizo as persoas que teña un dereito recoñecido de atencion dentro do sistema de autonomia e atencion a dependencia.

Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con caracter xeral se lle reconezen na lexislacion aplicable sobre servizos sociais e, se e o caso, sobre o procedemento administrativo comun, teran dereito:

- A ser tratadas con respecto e dignidade, intimidade e autonomia.
- A recibiren unha atencion individualizada adaptada as suas necesidades, coa calidade e duracion prescritas en cada caso.
- A coñeceran a organizacion e o regulamento do servizo.
- A coñeceran a situacion do seu expediente.
- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Organica 15/1999, do 13 de decembro, de proteccion de datos de caracter persoal.
- A recibiren informacion precisa e clara sobre as modificacions sobrevidas durante a prestacion do servizo.
- A calidade do servizo e a presentares queixas e suxestions ao persoal coordinador do servizo, sobre o desenvolvemento da sua prestacion.
- A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actue como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervencion.
- Ao respecto dos seus dereitos linguisticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento do servizo desde a practica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias:

Ademais dos deberes que se contemplan na Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, asi como na lexislacion vixente sobre o procedemento administrativo comun e no Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, teran os seguintes deberes:

- Cumprir coas condicions do servizo, facilitandolle a execucion das tarefas ao persoal a cargo, e ponendo a sua disposicion os medios materiais necesarios.
- Colaborar en funcion das suas capacidades e nos termos acordados en cada caso no desenvolvemento do servizo.
- Facilitar e colaborar no seguimento e avaliacion do servizo.
- Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, asi como os limites das suas obrigas laborais.
- Informar dos cambios das circunstancias persoais, familiares e economicas que poidesen dar lugar a modificacion, suspension ou extincion do servizo.
- Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza nesta Ordenanza reguladora do servizo no Concello de Sober.
- A comunicar con tres dias de antelacion a ausencia do domicilio que poidese impedir a prestacion do servizo.

Artigo 8. Obrigas do persoal do servizo municipal de axuda no fogar:

1. Observar un trato respetuoso cara a persoa usuaria, evitando que a confianza con este e a sua familia interfira no traballo.
2. Respectar a intimidade da persoa usuaria e gardar a debida confidencialidade.
3. Respectar integralmente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambio algun sin plena autorización do persoal responsable

4. Avisar aos usuarios/as das suas ausencias coa debida antelacion trala autorizacion do xefe de persoal e a comunicacion ao profesional responsable do servizo.
5. Non recibir en custodia en ningun caso dinheiro, xoias, nin obxecto algun.
6. Non recibir ningun tipo de agasallo, prestacion ou gratificacion por parte do/a usuario/a.
7. Non disponer das chaves do domicilio agas cando as condicons da situacion concreta asi o exixan, sempre coa demanda e consentimento do/a usuario/a e aceptacion do tecnico responsable do SAF.
8. Manter unha relacion de equilibrio afectivo axustado ao usuario/a.
9. Avisar ao responsable do servizo ou da entidade adxudicataria da prestacion do SAF, de ser o caso, ou aos servizos de urxencia correspondentes, naquelas situacions nas que a prestacion do servizo exista un risco para a integridade do/a beneficiario/a.

Artigo 9. Causas de extinción e modificación do servizo:

1).- Son causas de extincion do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- Renuncia da persoa usuaria.
- Cambio do programa individual de atencion (PIA), ou do proxecto de intervencion que implique un cambio de asignacion de recurso e a sua incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- Traslado definitivo da sua residencia a outro concello.
- Falecemento da persoa usuaria.
- Incumprimento reiterado dos deberes e obligas establecidas no presente regulamento.
- A falta do pagamento do servizo durante tres meses consecutivos.
- Desaparicion das causas que motivaron a prestacion do servizo.
- Por organizacion do servizo en funcion das disponibilidades economicas, no caso de usuarios que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrenza.
- Ocultacion ou falsificacion de datos economicos ou doutra indole para acceder ao servizo.

2).-Ademais, con caracter xeral, a alteracion das circunstancias tidas en conta para a concesion do servizo, podera dar lugar a modificacion das condicons de prestacion nas que fora concedido inicialmente.

Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberan substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

As persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrenza, e fosen valoradas con posterioridade correspondendolle a efectividade do dereito, poderan ver modificadas as condicons de prestacion do servizo conforme ao establecido no PIA e na normativa de aplicacion.

3).- Cando se trate dun servizo publico de axuda no fogar asignado a persoas en situacion de dependencia na correspondente resolucion do Programa Individual de Atencion, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o reconecemento da situacion de dependencia e do dereito as prestacions do sistema na Comunidade Autonoma de Galicia, a incoacion, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extincion ou modificacion das condicons de prestacion do servizo deberá notificarse en todo caso ao organo competente para ditar resolucion de Programa Individual de Atencion.

Artigo 10º.- Causas de suspensión temporal do servizo:

Son causas de suspension temporal do servizo, logo do correspondente informe xustificativo do coordinador do mesmo, as que seguen:

1.Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máxmo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrenza e por un máxmo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

As ausencias mensuais, por causas imputables a persoa usuaria, nos servizos con derecho a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días, agás o suposto previsto no artigo 27 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deinvindicarán un 40% do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva de praza.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un derecho exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª: DISPOSICIÓN COMÚNS.

Artigo 11: Formas de prestación do servizo

O Concello de Sober ten competencia na organización propia do SAF coas funcións de dirección técnica do servizo, planificación, programación, coordinación, ejecución, seguimiento, supervisión, control e avaliação.

Tamen e competencia municipal a recepción, estudio-avaliación e resolución das solicitudes individuais, así como as propostas de baixas e altas. (Para libre concorrência)

Asemeñado, o Concello poderá prestar o servizo público de axuda no fogar, ben directamente ou ben contratar a prestación deste servizo, no ámbito das suas competencias, a empresas, cooperativas, entidades privadas, etc.,

debidamente autorizadas segundo o regulado no RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos.

Ademais, as entidades privadas non poderán subcontratar a ejecución da prestación principal do SAF, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención realizado para cada caso.

Sen embargo, poderán subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que non tenan carácter

regular, as que se poidan executar fora do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

O servizo público de axuda no fogar poderá prestarse mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 12.- Requisitos específicos:

1).- Existirá un profesional de referencia que actuara como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servicios sociales. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exigible será de 0,02 profesionales en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte taboa.

Número de persoas usuarias Persoal técnico mínimo

50 a 99 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

100 a 199 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa

200 a 399 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa

Incrementos sucesivos Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2).- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Pessoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidad de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidad da familia profesional de servicios socioculturais e á comunidade.

3).- O concello de Sober contará e exponerá publicamente a ordenanza de funcionamento do servizo de axuda no fogar.

4).- O seguimiento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizaráse polo persoal técnico sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondiente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

5).- O Concello de Sober, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia a que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Sober e a persoa usuaria.
- Informes de seguimiento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios.

En todo caso o tratamiento da información contida nos expedientes realizarase de acuerdo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE SOBER.

Art. 13.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento:

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1) O acceso sera prioritario e directo para as persoas que tenan reconecida a situación de dependencia e se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do programa individual de atención, e consoante a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o reconocemento da situación de dependencia e do dereito as prestacions do sistema para a autonomía e atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idoneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquellas as cales se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2) Para as persoas que non tenan o reconocemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito efectivo ao catálogo de servizos de atención a dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescripción técnica do profesional de referencia resolverase en rexime de libre concorrenza.

De igual maneira procederanse nas situaciones en que a problemática principal esté relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

Nestes supostos empregarase un baremo en que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Serán requisitos xerais para acceder ao servizo de axuda no fogar pola modalidade de libre concorrenza os seguintes:

- Estar empadroadado no concello de Sober.
- Acreditar a situación de necesidade de dito servizo, de acuerdo co establecido no presente regulamento.
- Non ter dereito a recibir Axuda no Fogar de ningunha outra entidade pública ou privada.

Organización

O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios do de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais do concello de Sober.

Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarán ao previsto na legislación en vigor sobre voluntariado.

No caso de tratarse de intervenciones de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acuerdo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: educador@ familiar, educador@ social, traballad@r social, psicólogo@s, pedagog@s, sociolog@s, etc.

Procedemento

1. Na modalidade de acceso directo, para as persoas que tenan reconecida a situación de dependencia e se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de PIA o concello de Sober procederá a dar de alta as persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos (PARSAF).

2. Na modalidade de libre concorrenza, será de aplicación o seguinte:

2.1. O procedemento iniciarase por instancia de parte, coa presentación da solicitude, dirixida ao Alcalde no Registro Municipal do Concello, ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro, acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso. No caso de que a persoa solicitante actue a través de representante/gardador de feito, este deberá presentar documento acreditativo da representación e fotocopia compulsada do DNI/NIE.

- b) Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- c) Certificado de convivencia.
- d) Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- e) Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

- Fotocopia da ultima declaracion da renda ou no seu defecto certificado de imputacions do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.
- Certificados de todos los ingresos procedentes de salarios, pensions, subsidios e outros bens que posuan.
- Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
- Calquera outra documentacion que sexa requerida polo traballador/a social para a valoracion do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da informacion contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de proteccion de datos de caracter persoal.

O prazo de solicitudes estara abierto todo o ano.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen mais trámite tal como se preceptua na lexislación que regula o procedemento administrativo.

Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente asi o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo podera iniciarse de oficio.

2.2. As solicitudes presentadas serán valoradas polo traballador ou traballadora social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe tecnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin.

2.3. O Departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta elevandoo ao órgano competente para emitir resolución, que no prazo máximo de tres meses, resolverá as solicitudes presentadas no Registro Xeral do Concello. En caso favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. De non existir disponibilidade a solicitude pasará a integrar a lista de espera.

En tales casos, producida unha vacante ou ampliado o servizo, o concello incluirá en este as persoas nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. En caso de empate de puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

A validez das peticiones incluidas na lista de espera será de dous anos a contar desde a resolución, debiendo renovarse a finalización de dito período, ou produciéndose a baixa na misma en caso contrario.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo as persoas que tenan un dereito reconecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención a dependencia.

2.4. A resolución, no caso de ser favorable, facerá indicación expresa do número de horas que se prestarán, e a porcentaxe de financiación da persoa usuaria sobre o custo total do servizo. No caso de ser desfavorable, o acuerdo deberá de motivar as razones de denegación.

2.5. Cando concorran circunstancias que aconseillan a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente a vista do informe-propuesta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urgencia. O procedemento de urgencia terá validez mentres se mantenga a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

2.6. Unha vez notificada a concesión do servizo será requisito previo para o inicio do mesmo asinar o acordo, segundo o modelo establecido.

2.7. Anualmente farase unha revisión de todas las personas beneficiarias do servizo con fin de comprobar que cumplen las condiciones para la continuidad del mismo. Para la renovación anual del servizo, las personas beneficiarias deberán presentar la documentación establecida en el apartado 2.1 de este artículo, agas aquella que ya conste en su expediente individual.

Artigo 14. Desenvolvemento da prestación do servizo.

1. O prazo de alta no servizo será de como máximo 1 semana, desde que la persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para las persoas que acceden al servizo en la modalidad de dependencia o desde que el órgano competente resuelve la suya solicitud, para las persoas que acceden al servizo en la modalidad de libre concurrencia. Para las persoas usuarias las que se les concede el servizo pola vía de urgencia el prazo de alta será como máximo de 2 días.

2. Previo o inicio do servizo, o persoal tecnico realizara unha avaliacion da situacion e establecera un consenso coa persoa usuaria sobre as actuacions e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamen a persoa profesional de referencia.

3. A asignacion do persoal de atencion directa farase en base o perfil requerido para cada caso concreto e realizarase unha visita domiciliaria para a presentacion do persoal de atencion directa a persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria rexeita o/a auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razon suficientemente xustificada, pasara a lista de espera ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal tecnico asignado asi como nos horarios de prestacion do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organizacion do servizo, comunicaranse a persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestacion do servizo, sera requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido

5. O persoal tecnico elaborara un proxecto de intervencion, que deberá conter: dias da semana de atencion, horario concreto no que se desenvolvera a prestacion, identidade do persoal de atencion directa responsable da execucion do proxecto, obxectivos e tarefas a desempenar no domicilio, seguimento efectivo da prestacion no domicilio do usuario.

6. Farase entrega a persoa usuaria da copia da ordenanza de axuda no fogar, visada.

7. Entregarase a persoa usuaria e o persoal de atencion directa, o documento que contena as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase as persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacion a sua disposicion para calquera queixa ou reclamacion. No caso de producirse, facilitarase unha copia da queixa a persoa usuaria e remitirse o orixinal o servizo de inspeccion no prazo de tres dias, xunto cun informe do caso.

Artigo 15. Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con caracter xeral, en horas mensuais de atencion, distribuidas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe tecnico

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atencion a dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atencion. A sua aplicacion horaria sera flexible e conforme co proxecto de intervencion, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realizacion das actividades basicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1.o a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar. O servizo prestarase todos os días da semana, incluídos domingos e días declarados festivos.

3. Nos restantes casos (libre concurrencia) a intensidade do servizo vira determinada na prescion efectuada polo departamento de servizos sociais do Concello, e terá unha intensidade de atención non superior a 30horas/mes. Establécese como período semanal para a prestación destas horas de luns a venres, quedando excluídas as fins de semana, festivos e horario nocturno. Para casos debidamente xustificados e de extrema necesidade, este horario poderá variar, sempre que así sexa valorado pol@ traballador@ social do Concello.

Artigo 16. Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1.A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que se establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 17. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas as referidas no artigo anterior, o computo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas fisicas.
- Computarase asi mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos entendese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido economico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoracion recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuno, do imposto sobre o patrimonio, con deducion das cargas e gravames de natureza real que diminuan o seu valor, asi como das debidas e obligas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o computo do patrimonio neto deberan terse en conta as exencions que preve a Lei 19/1991, do 6 de xuno, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas a alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en computo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 18. Custo do servizo.

O prezo do Servizo de Axuda no Fogar tomará como base o custo da hora de servizo para o Concello, ou, no seu caso, a tarifa hora establecida no contrato coa empresa que preste o servizo, coas revisións anuais que sexan precisas.

A cuantificación do prezo hora fixase en 12 euros, e estará suxeito a revisión anual.

Artigo 19. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con derecho de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con derecho de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador publico de rendas a efectos multiples (IPREM), quedara exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte taboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grado I	Grado II	Grado III
	$\leq 20h$	$\leq 45h$	$\leq 70h$
100,00%	0,00%	0,00%	0,00%
115,00%	4,52%	9,61%	14,70%
125,00%	5,41%	11,50%	17,58%
150,00%	5,55%	11,79%	18,03%
175,00%	5,65%	12,00%	18,35%
200,00%	5,72%	12,16%	18,60%
215,00%	5,81%	12,34%	18,87%
250,00%	6,03%	12,82%	19,61%
300,00%	6,24%	13,26%	20,29%
350,00%	6,42%	13,63%	20,85%
400,00%	6,54%	13,90%	21,25%
450,00%	6,63%	14,09%	21,55%
500,00%	6,70%	14,25%	21,79%
> 500%	6,76%	14,36%	21,97%

3. No caso en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu derecho de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidad expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidad por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso o importe de participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga e participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaje sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intesidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidad económica (referenciada ao IPREM) Ata	GRADO I			GRADO II			GRADO III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamiento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamiento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamiento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	< = 15			< = 28			< = 45		
100,00%	0,00%	12,87%	13,76%	0,00%	22,73%	24,29%	00,00%	35,51%	37,95%
115,00%	5,98%	13,10%	14,00%	10,56%	23,12%	24,71%	16,50%	36,13%	38,61%
125,00%	7,15%	13,39%	14,31%	12,63%	23,64%	25,26%	19,73%	36,94%	39,47%
150,00%	7,34%	13,52%	14,44%	12,95%	23,87%	25,50%	20,24%	37,29%	39,85%
175,00%	7,47%	13,61	14,54%	13,18%	24,03%	25,67%	20,60%	37,54%	40,12%
200,00%	7,57%	13,76%	14,70%	13,36%	24,29%	25,96%	20,87%	37,96%	40,56%
215,00%	7,68%	13,83%	14,78%	13,56%	24,42%	26,09%	21,18%	38,16%	40,77%
250,00%	7,98%	13,96%	14,91%	14,09%	24,64%	26,33%	22,01%	38,50%	41,14%
300,00%	8,25%	14,06%	15,02%	14,57%	24,82%	26,52%	22,77%	38,78%	41,44%
350,00%	8,48%	14,16%	15,13%	14,98%	25,00%	26,72%	23,40%	39,07%	41,74%
400,00%	8,65%	14,35%	15,33%	15,27%	25,33%	27,06%	23,85%	39,57%	42,49%
400,00%	8,77%	14,48%	15,48%	15,48%	25,57%	27,32%	24,19%	39,95%	42,69%

Artigo 19. Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar en rexime de libre concorrencia para as persoas que non tenan o reconecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención a dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte taboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base o cálculo da capacidade económica per capita de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

Capacidade económica	Participación no custo de SAF básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	50%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	70%
Maior de 2,5	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcions aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da sua capacidade económica.

Artigo 20. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso os ingresos que recade o Concello de Sober, en concepto de achega das persoas usuarias para a sua participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 21. Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias, derivadas do sistema de autonomía persoal de atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de atas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 22. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

Artigo 23. Nacemento da obriga de pago

O réxime jurídico da participación encomómica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. por parte do Concello e, sober a base do parte de traballo asinado, conjuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborarase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elidida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 24º. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza deroga a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no Bop do 18 de decembro do 2012, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non disposto no presente regulamento sera de aplicación a lexislación en materia de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legal establecida, no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor unha vez transcurrido o prazo de 15 días hábiles desde a data de publicación, conforme ao previsto nos art. 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

R. 2473

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL NUM. 2 DE LUGO***Anuncio***MARIA DEL CARMEN VARELA REBOLO, SECRETARIA DEL JUZGADO LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO**

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de Francisco Javier Barreira Fernández contra Carpintería Valima,SL, en materia de despido, registrado con el nº 543/14 se ha acordado citar a CARPINTERÍA VALIMA,SL en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 23-